



Concello de Laxe

CONCELLO DE ZAS



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA) E O CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA) PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL NO EXERCICIO 2023**

### **INTERVEÑEN:**

Dunha parte, don José Luis Pérez Añón, con DNI núm. 76 508 646 C, alcalde do Concello de Laxe, en nome e representación do Concello de Laxe (A Coruña), con CIF P1504100G, con domicilio social na Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, 15117 Laxe (A Coruña).

Doutra parte, don Manuel Muíño Espasandín, con DNI núm. 32 755 547 M, alcalde do Concello de Zas (A Coruña), en nome e representación do Concello de Zas, con CIF P1509400F, con domicilio social na Praza do Campo, núm. 1, 15850 Zas (A Coruña).

Ambas as partes recoñécense reciprocamente plena capacidade legal para a sinatura de acordos de colaboración e manifestan que as súas facultades non foron modificadas nin limitadas, e ao respecto,

### **EXPOÑEN:**

I.- Os Concellos de Laxe e Zas, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local e na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, regulan mediante o presente convenio a prestación do Servizo de Orientación Laboral, para o ano 2023, da Agrupación de Concellos de Laxe e Zas.

II.- Para o ano 2023, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a través da Orde do 9 de xaneiro de 2023, publicada no DOG Núm. 29, do venres 10 de febreiro de 2023, efectuou a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2023 e publicou as súas bases reguladoras.

III.- Que para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2023, no seu artigo 2.1.a) contempla que poderán ser beneficiarias da subvención; as entidades locais, coa excepción das entidades de ámbito territorial provincial, ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a unha das anteriores, cuxa titularidade corresponda integramente a ela, sempre que, por si soas ou asociadas entre concellos, teñan unha media de paro rexistrado no ano 2022 superior a 350 persoas ou formen parte dunha agrupación



Concello de Laxe

que comprenda, cando menos, tres concellos galegos  
(ou dous no caso de que un deles proceda da fusión de concellos).

CONCELLO DE ZAS



IV.- Que os dous concellos asinantes non cumpren por separado os requisitos de media de paro rexistrado no 2023, pero de forma conxunta sí cumpren coas condicións para resultaren beneficiarios da subvención. Entre os dous concellos teñen unha media de paro rexistrado no ano 2022 de 381 persoas, das cales 189 pertencen ao concello de Laxe e 192 pertencen ao Concello de Zas, segundo datos publicados pola Consellería de Emprego e Igualdade para a solicitude da subvención do servizo de orientación laboral para a convocatoria do ano 2023.

V.- O servizo de orientación laboral préstase no Concello de Laxe, de xeito ininterrompido, dende o 31/12/2007 ata o 31/01/2012 e dende o 02/08/2012, data na que se inicia este servizo como agrupación de concellos e ata a actualidade. Neste período veu atendendo as persoas dos Concellos de Laxe e de Zas, e tamén doutros concellos; todas elas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

VI.- A Agrupación de Concellos de Laxe e Zas establécese unicamente para a prestación do Servizo de Orientación Laboral, regulado ó abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2023.

VII.- Con data 10 de febreiro de 2023, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publica a Orde do 9 de xaneiro de 2023 para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2023 e no seu art. 9.6. establece que a resolución pola que se conceda a subvención poderá ter carácter retroactivo, sempre que non se interrompese a prestación dos servizos de orientación laboral de acordo co previsto no artigo 6.1.b) que se transcribe a continuación:

[...] "Artigo 6.1.b). [...] *As entidades que en 31 de decembro de 2022 tivesen vixentes servizos de orientación subvencionados ao abeiro da convocatoria anterior poderán solicitar o mantemento provisional do servizo en canto non se resolva a convocatoria de axudas.*

*No caso de que os ditos servizos anteriores finalicen antes da presentación da solicitude de axuda para 2023, a petición de mantemento provisional acompañarase da información recollida na ficha que figura como anexo III desta orde..." [...]*



Concello de Laxe

CONCELLO DE ZAS



VIII.- O presente convenio establécese para prestar conxuntamente o servizo de orientación laboral entre os concellos de Laxe e Zas e realizar a solicitude de subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral para o ano 2023.

IX.- A natureza deste acordo en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes.

## CLÁUSULAS

Primeira.- Os Concellos de Laxe e Zas solicitan conxuntamente a subvención da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade publicada no DOG Núm. 29, do venres, 10 de febreiro de 2023, a través da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2023.

O programa de orientación laboral caracterízase pola adopción dun modelo de orientación aberta que, baseándose no traballo en rede do persoal orientador, procura unha maior implicación, compromiso e protagonismo da persoa demandante na configuración, execución e mellora do seu propio proceso de busca activa de emprego.

Así mesmo, o Real decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema nacional de emprego, consolida e reforza a orientación individualizada por medio de persoal orientador cualificado.

Segunda.- Facúltase ao alcalde do Concello de Laxe a realizar os trámites administrativos para presentar a solicitude telemática da dita subvención ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a realizar todos os trámites relacionados.

Terceira.- Para a prestación do servizo de Orientación laboral, nos Concellos de Laxe e de Zas, dispórase de despachos adecuados segundo o establecido no art. 2.2 da devandita orde.

Cuarta.- O servizo de Orientación Laboral seguirase prestando no Concello de Laxe ata que se dispoña de 2 axendas de orientación para que a persoa responsable do servizo se reparta entre ambos os dous concellos; e sempre supeditado ás disposicións e consideracións técnicas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.



Concello de Laxe

CONCELLO DE ZAS



Quinta.- Solicitada a subvención por parte do Concello de Laxe e resolto o procedemento de concorrencia pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a axuda obtida para o financiamento do programa de orientación laboral transferirase a unha conta bancaria do Concello de Laxe.

Sexta. O servizo de orientación laboral estará financiado pola subvención concedida pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de acordo co establecido na Orde do 9 de xaneiro de 2023.

Sétima. O Concello de Laxe ten formalizado contrato laboral coa persoa responsable do servizo e asumirá con cargo a ditos fondos os custos salariais e de seguridade social correspondentes. Non existirá vinculación contractual da persoa encargada do servizo co Concello de Zas.

Oitava.- O concello de Laxe realizará a achega económica referida ao contrato asinado coa orientadora laboral con cargo á aplicación orzamentaria 2023.241.131.00 e 2023.241.160.03 do orzamento de 2022 prorrogado para o exercicio 2023.

Novena. En ningún caso suporá ningunha aportación económica por parte do Concello de Zas, a excepción do requisito de dispor dos medios materiais establecidos no art. 2.2 da devandita orde.

Décima.- Este convenio entrará en vigor o día 1 de febreiro de 2023 e terá vixencia ata o 31 de xaneiro de 2024 e, poderá prorrogarse de forma provisional, en caso de que as circunstancias así o requirisen, coa finalidade de seguir mantendo o servizo de orientación laboral subvencionado ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023 e, como data límite até que se publique a correspondente orde de convocatoria de orientación laboral para o ano 2024.

E para que conste e en proba de conformidade e aceptación de ambas as partes con todas e cada unha das estipulacións deste convenio de colaboración, asinan este exemplar en Laxe, na data e hora sinaladas na sinatura electrónica.

CONCELLO DE LAXE  
ZAS

CONCELLO DE



*Concello de Laxe*

**O alcalde**

**Asdo.: José Luis Pérez Añón  
Espasandín**

**CONCELLO DE ZAS**



**O alcalde**

**Asdo.: Manuel Muíño**